

Cartas a un estraño

Alba QUINTÁNS

CARTA I

Xoves, 27 de outubro de 2011

Estimado/a descoñecido/a (quizais debería empregar o @, mais non o fago porque sempre considerei de grande importancia unha correcta ortografía):

Dirixireime a vostede de agora en diante en sexo masculino, pois é o habitual mais non o xusto. Aínda que probablemente sexa un completo descoñecido para min, podo afirmar que sei dúas cousas. É unha persoa curiosa, xa que recolleu nun parque un sobre dirixido “A UN ESTRANÑO” (nótase que vive en Galicia e non no País Vasco, seguramente alí chamaría á policía). E tamén sei que ten unha vida verdadeiramente aburrida, pois está a ler a presente carta; pero non se enfade por este comentario e deixe de lado a súa lectura, só me remito aos feitos para afirmar que non debe ter moito que facer se está perdendo o seu tempo lendo os desvaríos dunha tola que escribiu unha carta sobre todo en xeral e a súa patética vida en concreto e, aínda por riba, a deixou suxeita á parte inferior do asento dun banco.

Ben, penso que xa o critiquei o suficiente para tratarse dun descoñecido, así que pasarei a presentarme: o meu nome non importa e comprenderá que a miña idade non é da súa incumbencia, supoño que poderá facer unha aproximación pola miña expresión e comentarios; enferma a xornada completa e profesora de Historia nun instituto no tempo libre. En verdade odio aos adolescentes, non hai animal máis monstruoso sobre a face da terra. E, aínda que pareza mentira, non hai moito máis que dicir sobre a miña persoa. Meus pais morreron nun accidente de tráfico hai oito anos e meu irmán morrera dous anos antes dunha sobredose; diagnosticáronme leucemia hai cinco. Nunca destaquei en nada, na casa pasaba totalmente desapercibida, ao igual que na escola. Non se me daban ben os deportes, tampouco as matemáticas, non debuxaba

ben e cando eu tocaba ao profesor de música saltábanlle as bágoas, e non precisamente da emoción. Resumindo, unha máis do montón. Grupo ao que tamén pertenzo fisicamente; nin alta nin baixa, nin gorda nin fraca, nin morena nin pálida, castaña e ollos marróns: normal, do montón.

Preguntarase vostede cales son os motivos que me levaron a escribir esta carta e deixala onde a atopou; e eu dígolle que xa somos dous os que nos facemos a devandita pregunta. Supoño que quero que haxa alguén que me recorde por algo especial cando morra; porque gústame pensar que para vostede non serei unha persoa do montón, para vostede serei, como mínimo, a tola que escribiu unha carta a ninguén e a deixou nun parque.

Esperando permanecer nas súas lembranzas e cos meus mellores desexos,

Irène Joliot-Curie.

CARTA II

Venres, 11 de novembro de 2011

Apreciada Irène:

Se estás lendo estas palabras, significa que regresaches ao lugar onde deixaches a túa carta e atopaches alí esta dirixida á “Srta. Joliot-Curie”. Eu son o estraño-galego-curioso-devida-aburrida que non se enfadou polos teus comentarios despectivos e continuou a ler sobre “a túa patética vida”. E dunha cousa podes estar completamente segura: lembrareime de ti durante toda a miña existencia.

Agora que xa tes a confirmación de que has ser recordada, podes deixar de ler se así o desexas. Mais espero que non o fagas e permitas que che dea a coñecer algúns datos sobre o estraño que te gardará na súa memoria. Como ti

ben dixeches, nin o meu nome nin a miña idade importan, aínda que penso que esta última é bastante achegada á túa. De profesión arquitecto, o único fillo dun viúvo avogado de éxito, é dicir, medrei só. Aínda así, sei que meu pai me quería, simplemente non tiña tempo nin sabía demostralo. En canto á escola, sempre fun alumno de ciencias e agora esfórzome por encher o baleiro humanístico da miña formación coa lectura. Obviamente, debuxar dáseme ben, aínda que o debuxo artístico resúltame banal; e o meu profesor de piano tamén choraba... No que podó afirmar que paso completamente desapercibido é no físico, se mudas o xénero da túa descrición, obtés a miña.

En verdade, a miña sorpresa foi maiúscula cando me agachei para recoller os excrementos de Z, o meu bulldog, e vin o sobre baixo o banco. E, sinceramente, cústame describir a transición de emocións que experimentei mentres lía. Ao primeiro non sabía se escribirche ou non, mais decidín facelo porque, por moi “do montón” que afirmes ser, a túa maneira de expresarte, as túas ideas, o teu nivel cultural e o feito de escribir e abandonar esa carta berran que non o es.

Desexando recibir unha resposta,
Diego de Siloé.

CARTA III

Luns, 14 de novembro de 2011

Querido Diego:

Recoñezo que a prontitude da miña resposta se debe a que, case cada día, comprobaba se a miña carta seguía no lugar no que a depositara. Así, lin as túas palabras onte mesmo, nada máis atopar o teu sobre substituindo ao meu. Non vou negar que me embriaga o feito de permanecer nas túas lembranzas; por iso, unha vez máis, grazas.

Xa que, segundo comentas, es asiduo lector, pregúntome cales son os teus libros predilectos. Eses que, por un motivo ou outro, sempre están ao alcance da man, dispostos a ser ollados para resolver calquera dúbida; ese que, sen poder nin querer evitalo, volve ler cada Nadal; e, como non, ese que te marcou sen saber moi ben por que. Por suposto, tamén me gustaría coñecer os teus gustos en canto a filmes se refire e calquera

outra actividade que ti consideres comentar.

Sempre tiven certa tendencia á tiranía, por iso son profesora, pero non vou someterte a semellante interrogatorio sen responder eu antes as miñas propias preguntas. Sempre teño á man as *Rimas* de Bécquer e *Onde o mundo se chama Celanova*; e o libro que releo cada Nadal, sen excepción, é *A era de Lázaro* de Paula Carballeira, e asegúroche que, cada vez que o leo, vexo algo que non vira antes. *El guardián entre el centeno* de Salinger xunto con *El retrato de Dorian Gray* e Oscar Wilde foron os que fixeron que a miña forma de ver o mundo mudase, con tan só 15 anos.

Por último, só desexo comentarche a miña sorpresa ante a túa afirmación: “o debuxo artístico resúltame banal”; pois, como pode un arquitecto, unha persoa que constrúe beleza, considerar que a arte é fútil?

Agardando impaciente a túa resposta,
Irène.

CARTA XI

Domingo, 18 de decembro de 2011

Diego:

Hoxe mesmo recollín a carta datada do pasado xoves 15. Xa visitei o web que me recomendabas sobre as barbaridades respondidas por alumnos en exames e, lembreime de que, hai unha semana, máis ou menos, preguntei na clase de 1º Bacharelato: “Cales foron os factores que conduciron ao fracaso a ocupación de Rusia por parte de Napoleón?” E contesta un dos alumnos, todo cheo de razón: “Que aos soldados se lles desfixeron as chaquetas porque ía moito frío”. E, como todos quedamos en silencio, engadiu: “Vino na tele”. Pero, bromas á parte, é unha verdadeira vergoña o baixo nivel que lle esixen hoxe en día. E aínda así, as notas, que serán entregadas a finais da semana que entra, son autenticamente terroríficas, polo menos, no que á miña materia se refire.

Por outro lado, e para desconectar un pouco da maratón de corrección de exames que tiven estes días, fun onte ao cine. Xa sei que o teu gusto adoita coincidir co da crítica, pero como eu son máis de guiarme polo éxito en carteleira, fun ver *In time*. Está ben, mais, persoalmente, penso que unha idea tan boa podería explotarse

moito mellor.

Xa para despedirme, como me pediches, ou máis ben esixiches, tras a miña última ausencia prolongada, infórmote de que mañá mesmo teño que acudir á revisión médica anual, polo que permanecerei no hospital durante uns catro días, aproximadamente, dependendo das probas que decidan realizarme. Tendo isto en conta, aconséllome, aínda que dubido moito que cho-va, que deposites a túa carta no interior dunha bolsa plástica hermética para evitar desastres coma os xa ocorridos...

Desexando recibir novas túas,
Irène.

CARTA XII

Mércores, 21 de decembro de 2011

Irène:

Antes de nada, quero que saibas que desexo que todo vaia segundo o esperado na túa visita ao doutor, aínda que me chamou especialmente a atención que elixisen estas datas tan próximas ao nadal para ingresarte. E, como xa puideches comprobar cando leas estas palabras, si gardarei a carta nunha bolsa plástica, non te preocupes.

Tendo en conta o teu carácter, comprenderás que non me atreva a contrariarte na túa convencida apoloxía da mala calidade do ensino por temor a fortes represalias contra a integridade física da miña persoa. Estou a chancear, xa sabes que estou de acordo coa túa posición, aínda que non experimente tales situacións en primeira persoa cada día. Non obstante, podes ter por seguro que o meu traballo non ten anécdotas tan entretidas coma o teu.

Estes días non teño moito tempo para o ocio porque estou a piques de rematar un proxecto que debo entregar sen demora e, como non me agradan demasiado os filmes que ten éxito na carteleira, non irei ver *In time*. A verdade é que xa hai moito tempo que non vou ao cine, a ver se agora nas vacacións podó ir algún día.

Por certo, onde pasarás o nadal? Marcharás da cidade? Eu non, xa que será meu pai o que se reúna comigo.

Esperando saber pronto de ti,
Diego.

CARTA XIII

Venres, 23 de decembro de 2011

Diego:

Onte, unha boa amiga miña da que xa che falei, Sonia, recolleu a carta que ti deixaches no lugar habitual e tróuxoma ao hospital. Tamén será ela a que deposite alí a miña resposta. Lamento dicirche isto, mais permanecerei ingresada máis tempo do planificado, pois o cancro está moi avanzado e estendeuse a outros órganos.

Alégrome moito de terte coñecido, e tamén de que haxa alguén que me garde na súa memoria dunha maneira especial, diferente, orixinal; de non ser tan só “a amiga”, “a profesora” ou “a compañeira de traballo”.

Desexo, desde o máis profundo do meu corazón, que a felicidade te atope. Agardo que coñezas a alguén para poder compartir en directo todo o que me contabas a min a través de papel, alguén que te obrigue a ir ao cine para ver as películas que a crítica rexeita, alguén que odie a impuntualidade tanto como o fas ti... En fin, alguén polo que poidas sorrir cada mañá.

Despidese de ti nesta derradeira carta,
Helena Casares.

CARTA XIV

Domingo, 25 de decembro de 2011

Helena:

Aquí estou, sentado no meu escritorio escribindoche por derradeira vez antes de saír cara o teu enterro. Tranquila, deixarei a carta no interior dunha bolsa plástica, aínda que non creo que importe xa.

Onte, cando saín con Z, recollín a túa carta, ou, máis ben, a túa despedida. Fun ao hospital e preguntei por ti, mais cando cheguei ao cuarto, xa marcharas. Non vin o teu rostro, preferín non roubarche o anonimato xa que eu non ía poder darche o mesmo.

Helena, a felicidade xa me atopou, ti encontráchesme. Botarei de menos a espera polas túas respostas, o sarcasmo das túas palabras, os sentimentos que percorrían o meu ser cada vez que vía a túa letra.

Estarás sempre comigo,
Carlos Ferreiro.